

Trescentos millóns

Description

Non hai dúbida de que poucos nos gañan en fachenda: aportamos para a chamada reconstrucción de Iraq trescentos millóns de dólares. E, por exemplo, a Unión Europea só douscentos cincuenta mil. Algo que lembra aquel chauvinismo salazarista, que nas alfándegas de Portugal poñía o mapa de Angola superposto ó de Europa para que se vise aquel *âœœna súa verdadeira dimensâœœo*.

Pero o problema aquí é máis grave. Porque os alemáns e os franceses, que tanto esforzo fixeron para que a nosa economía puidese converxer coa europea, con achegas que non sempre se empregaron cunha mínima ortodoxia, empezarán a preguntarse que raro país é este que, sendo receptor de fondos de cohesión, pode doar trescentos millóns de dólares.

É difícil facer unha política menos hábil respecto de Europa. Como se nada tivésemos que ver con ela. E iso é o que, *âœœesen complexos*, pensa a dereita que nos goberna, como sempre o pensaron tódalas dereitas de tódolos tempos que aquí teña habido. Tocante a Europa, a dereita foi sempre arredista.

Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Oriente Medio ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Novembro 2, 2003

Meta Fields

Autoria : 10029

Datapublicacion : 2003-11-02 00:00:00